



ANUNCIO DE LICITACIÓN.

O Concello de Porto do Son convoca licitación pública para adxudicar o contrato "Subministración e instalación dunha caldeira de pellets na Casa da Cultura de Xuño. Concello de Porto do Son".

1.- Poder adxudicador.

- Organismo: Concello de Porto do Son.
- Dependencia que tramita o expediente: Secretaría do concello.
- Obtención de documentación e información: Secretaría do Concello de Porto do Son: R/ Atalaia, s/n – 15970 Porto do Son (A Coruña). Teléfono: 981 86 74 12. Fax: 981 76 73 58. Perfil do contratante <http://www.portodoson.gal/>. Data límite de obtención de documentación e información: día anterior ao de remate do prazo de presentación de proposicións.

2.- Obxecto do contrato.

- Tipo: contrato administrativo de subministración.
- Descrición: subministración e instalación dunha caldeira de pellets.
- División por lotes: non.
- Lugar de execución: Casa da Cultura de Xuño (Xuño – Porto do Son).
- Execución e entrega: 1.- Prazo de execución: ata o 30/09/2017; 2.- Prórroga: non.
- CPV: 44621000-9 – Radiadores e caldeiras.

3.- Tramitación e procedemento.

- Tramitación: ordinaria.
- Procedemento: negociado sen publicidade con multiplicidade de criterios de valoración.
- Pregos: 1.- Prego de cláusulas administrativas: prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por decreto da Alcaldía 538/2017, do 21 de agosto. 2.- Prego de prescricións técnicas: proxecto de instalación da caldeira de pellets.
- Criterios de adxudicación: a) Ampliación do prazo de garantía: 10 puntos; b) Oferta económica: 5 puntos.

4.- Orzamento:

- Orzamento de licitación: 29.463,50 euros (24.350,00 € prezo neto+ 5.113,50 € IVE repercutible); b) Valor estimado: 26.785,00 euros.

5.- Garantías.

- provisional: non.
- definitiva: 5% do importe de adxudicación excluído o IVE.

6.- Requisitos específicos do contratista.

- Clasificación: non se esixe.
- Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: non esixible (art. 11.5 RD 1098/2001, do 12 de outubro).

7.- Presentación de ofertas:

- Prazo: 4 días naturais desde o seguinte á recepción da invitación ou da publicación deste anuncio no perfil do contratante.
- Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son.
- Documentación a presentar: cláusula 13ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

8.- Apertura de proposicións: día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación de ofertas.

9.- Custos de publicidade: exento.

10.- Revisión de prezos: non.

Porto do Son, 21 de agosto de 2017.

O Alcalde- Presidente,
Asdo. José Luis Oujo Pouso.

